

problemas con especial repercusión na Comunidade Autónoma de Galicia.

RESOLVO:

1. Establecer a conveniencia de administrar unha terceira dose de vacina antimeningocócica C aos 18 meses de idade para todos aqueles nenos que vaian cumprindo esa idade a partir da data de cambio de calendario.

2. Substituír a vacina pentavalente que se administra aos 2 e 6 meses de idade pola vacina hexavalente que contén os mesmos antíxenos que a anterior, pero ademais inclúe a hepatite B na súa composición. Diminuíndo así o número de inxeccións e favorecendo a aceptación social do Programa Galego de Vacinacións.

3. Eliminar a vacinación rutineira fronte á hepatite B aos 12 anos, dado que a vacinación universal fronte á hepatite B ao nacemento comezou no ano 2004, acádase, neste ano 2006 a cohorte de vacinados nese momento, polo que practicamente todos estes nenos deberían estar vacinados.

4. O programa de vacinación infantil comprenderá a prevención mediante inmunoprofilaxe activa de:

- Hepatite B.
- Poliomielite.
- Tétano.
- Difteria.
- Tose ferina.
- Sarampelo.
- Rubéola.
- Parotidite.
- Enfermidades invasoras causadas por *Haemophilus influenzae* de serotipo b.
- Enfermidades invasoras causadas por *Neisseria meningitidis* serogrupo C.
- Varicela.

5. As pautas de vacinación segundo as vacinas serán as seguintes:

Vacinas/idade	0 meses	2 meses	4 meses	6 meses	15 meses	18 meses	3 anos	6 anos	12 anos	14 anos
Vacina Hepatite B: VHB	VHB (1ª d.)	VHB (2ª d.)		VHB (3ª d.)						
Vacina da difteria, tétano e tose ferina de tipo acelular: DTPa		DTPa (1ª d.)	DTPa (2ª d.)	DTPa (3ª d.)		DTPa (4ª d.)		DTPa (5ª d.)		
Vacina do tétano e da difteria tipo adulto: Td										Td
Vacina inxectable da polio: IPV		IPV (1ª d.)	IPV (2ª d.)	IPV (3ª d.)		IPV (4ª d.)				
Vacina do <i>Haemophilus influenzae</i> tipo b: Hib		Hib (1ª d.)	Hib (2ª d.)	Hib (3ª d.)		Hib (4ª d.)				
Vacina fronte ao meningococo C		MC (1ª d.)	MC (2ª d.)			MC (3ª d.)				
Vacina fronte ao sarampelo, rubéola e parotidite (tripla vírica): TV					TV (1ª d.)		TV (2ª d.)			
Vacina contra a varicela									Varicela (1)	

(1) Sempre e cando non sufrisen a enfermidade ou non fosen previamente vacinados.

Santiago de Compostela, 3 de novembro de 2006.

Ramón Medina González-Redondo
Director xeral de Saúde Pública

CONSELLERÍA DE TRABALLO

Resolución do 24 de outubro de 2006, da Dirección Xeral de Relacións Laborais, pola que se dispón o rexistro, o depósito e a publicación, no Diario Oficial de Galicia, do acordo da comisión negociadora do convenio colectivo de axuda a domicilio de Galicia.

Visto o acordo sobre incremento na conta para o ano 2006, subscrito pola comisión negociadora do convenio colectivo de axuda a domicilio de Galicia, na xuntanza que tivo lugar en Santiago de Compostela o 18 de outubro de 2006, e de conformidade co disposto no artigo 90.2º e 3º do Real decreto lexislativo 1/1995, do 24 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, e no Real decreto 1040/1981, do 22 de maio, sobre rexistro e depósito de convenios colectivos de traballo.

A Dirección Xeral de Relacións Laborais

ACORDA:

Primeiro.-Ordenar a inscrición do devandito acordo no rexistro xeral de convenios desta dirección xeral.

Segundo.-Remitir o texto orixinal ao correspondente servizo deste centro directivo.

Terceiro.-Dispoñer a súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 24 de outubro de 2006.

Pilar Cancela Rodríguez
Directora xeral de Relacións Laborais

ANEXO

Acta da xuntanza do convenio colectivo de axuda a domicilio de Galicia

En Santiago de Compostela, sendo as 17.00 horas do día 18 de outubro de 2006, na sede do Consello Galego de Relacións Laborais, reúnen as persoas sinaladas a continuación, para os efectos de negociar o convenio colectivo autonómico de axuda a domicilio:

Parte empresarial:

Carmen González-Rosón Flores.
José Félix Valderrey de la Huerga.
Luis Suárez Filgueiras.
Mónica Valiño Suárez.
Miguel Ángel Vilas Martínez

Parte sindical:

María del Carmen Morales Sánchez (FeS-UGT).
Joaquina Rivas Santos (FeS-UGT).
Manuel Vilaboy Ramil (FeS-UGT).
Carlos Rodríguez Gesto (SN de CC.OO. de Galicia).
Ana Rey Fontenla (SN de CC.OO. de Galicia).
María del Carmen Longa Pardo (SN de CC.OO. de Galicia).
José Luis Martín Freire (CIG).

Cristina Martínez Cles (CIG).

Asiste á xuntanza o presidente do Consello Galego de Relacións Laborais, Demetrio Ángel Fernández López.

Logo das oportunas deliberacións e debate, acordan:

-Como incremento na conta correspondente ao ano 2006 do convenio plurianual que finalmente se asine, fixar o seguinte aumento salarial sobre todos os conceptos económicos:

-Período comprendido entre o 1 de xaneiro e o 30 de xuño de 2006: 3,7%.

-Período comprendido entre o 1 de xullo e o 31 de decembro de 2006: 5,6%.

FONDO GALEGO DE GARANTÍA AGRARIA

Resolución do 7 de novembro de 2006 pola que se convoca un curso en colaboración coa Escola Galega de Administración Pública.

Dentro do programa de actividades de formación do Fogga para 2006, e conforme as funcións atribuídas pola Lei 7/1994, do 29 de decembro, e polo Decreto 128/1996, do 14 de marzo, polo que se desenvolve a dita lei, convócase, en colaboración coa Escola Galega de Administración Pública, o curso que figura no anexo I, que deberá desenvolverse segundo as seguintes bases:

Primeira.-Solicitudes.

As solicitudes de admisión para os cursos, segundo o modelo que figura no anexo II, dirixiranse ao director do Fondo Galego de Garantía Agraria; rúa dos Irmandiños, s/n, Salgueiriños, 15781 Santiago de Compostela, e presentaranse no seu rexistro xeral, no da Consellería do Medio Rural, nos das súas delegacións provinciais ou en calquera dos previstos no artigo 38 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Segunda.-Prazo.

O prazo de presentación de solicitudes rematará o 24 de novembro de 2006.

Terceira.-Selección.

Os criterios de selección serán os que figuran no anexo I, e respetarán en todo caso os criterios selectivos sinalados con carácter xeral na resolución da Escola Galega de Administración Pública do 11 de febreiro de 2004 (DOG número 34, do 18 de febreiro). O Fogga comunicará os admitidos ao curso.

Cuarta.-Certificado de asistencia.

1. Outorgaráselles o correspondente certificado de asistencia aos alumnos que participen con regula-

ridade ao curso. Para os efectos de avaliar os coñecementos adquiridos polos alumnos, poderase fixar a realización das probas que se consideren oportunas ou requirir a presentación dun traballo final de prácticas.

2. É obrigatoria a asistencia e puntualidade a todas as sesións do curso. Toda inasistencia deberá ser xustificada debidamente polo interesado. A falta de asistencia, aínda que sexa xustificada, a máis do 15% das horas lectivas programadas, impedirá a expedición da certificación anteriormente referida e dará lugar á baixa no curso coa perda de todos os dereitos.

Quinta.-Modificacións.

1. O Fondo Galego de Garantía Agraria poderá modificar o desenvolvemento e o contido do curso anunciado co fin de adaptalo ás necesidades da Administración, así como ás distintas continxencias que poidan xurdir.

2. No suposto de que o número de instancias recibidas sexa inferior ao 50% das prazas convocadas o Fogga reserva para si o dereito de suspender a realización do curso empregando para o efecto os medios de notificación aos interesados previstos na normativa vixente.

Santiago de Compostela, 7 de novembro de 2006.

Edelmiro López Iglesias

Director do Fondo Galego de Garantía Agraria

ANEXO I

Curso: Auditoría interna Feaga e Feader.

1. Obxectivos:

Dotar os asistentes dunha formación básica sobre a auditoría interna dos fondos agrarios comunitarios.

2. Destinatarios:

Persoal da Administración autonómica dos grupos A e B interesado na auditoría das axudas financiadas ou cofinanciadas por fondos agrarios comunitarios.

3. Criterios de selección:

Terá prioridade o persoal que interveña máis directamente na xestión das ditas axudas.

4. Desenvolvemento:

4.1. Duración: 21 horas.

4.2. Lugares de realización: EGAP.

4.3. Datas: 28, 29 e 30 de novembro 2006.

4.4. Horario: das 10.00 ás 14.00 horas e das 16.30 ás 19.30 horas.

4.5. Prazas: 20.

5. Contido:

Principios básicos. Práctica de auditoría. Xestión de unidades de auditoría interna.